



COMUNICADO SEGUNDA AVALIACIÓN

Queridas familias:

Según os acordos da CONFERENCIA SECTORIAL DE EDUCACIÓN, tomados o 25 de marzo de 2020 e que están publicados na páxina da Consellería:

1. Mantense o calendario escolar:

- a) O curso non se prorrogará senón que que terá a duración prevista.
- b) As propostas de traballo suspenderanse respectando as vacacións de Semana Santa, dende o luns 6 ata o luns 13 de abril, ámbolos dous incluídos.

2. Avalíase o segundo trimestre.

3. Modifícanse os contidos e competencias básicas previstos para o terceiro trimestre.

4. Suspéndense as probas de avaliación diagnóstica previstas para 3º e 6º curso.

Según as INSTRUCCIÓN SOBRE A AVALIACIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE recibidas da nosa Consellería:

- a) **Avaliarase co traballo feito ata o 12 de marzo.**
- b) Non se avalían as actividades realizadas despois do estado de alarma.
- c) Publicaranse as notas o venres 3 de abril.

As notas serán enviadas a todas as familias o venres 3 de abril só a través do Abalar Móbil.

Prégovos novamente que difundades entre os vosos contactos a necesidade de descargar a aplicación Abalar Móbil, coa que de momento nos estamos comunicando e é imprescindible neste caso.

Podedes compartir con eles este enlace para acceder á

GUÍA ABALAR MÓBIL PARA AS FAMILIAS:

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/guia-mobil-familias-castellano.pdf>

Espero que todos estedes ben.
Saúde e ánimo!

A Directora